



<b>Asunto:</b>	XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA FESTA DA RECONQUISTA EXP. 72/142
<b>Destinatario:</b>	DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE ORZAMENTARIA

## INFORME

Por acordo plenario de data 22 de marzo de 1935, **o día 28 de marzo** estableceuse como festivo local, pasando a denominarse **"Día de Vigo"**.

Así, dende entón, cada 28 de marzo, a cidade de Vigo rende homenaxe aos heroes da Reconquista da Vila de Vigo, no enfrontamento bélico coas tropas de ocupación francesas do ano 1809, desenvolvendo unha serie de actos institucionais tales como pregón conmemorativo, entrega das medallas de vigueses distinguidos da cidade, ofrenda floral no monumento da Praza da Independencia, etc.

Dende o ano 1994, a **Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, CIF G-36.645.885**, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co núm. 49, vén realizando xunto co Concello de Vigo a organización da **"Festa da Reconquista da Vila de Vigo"**, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización do barrio histórico da cidade. Con esta iniciativa contribúese a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico, fomentando a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo este barrio como alternativa cultural e de ocio.

A Festa da Reconquista da Vila de Vigo foi declarada de interese turístico de Galicia polo Consello da Xunta de Galicia en resolución do 26 de marzo de 2012, e Festa de Interese Turístico Nacional por resolución de 11 de xullo de 2019, da Secretaría de Estado de Turismo.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo é propietaria dende 11/11/ 2013 da marca "R 1809 Festa da Reconquista", conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria **3380.480.0001**, prevé a concesión dunha subvención por importe de **75.000 (setenta e cinco mil) euros**, para a organización da Festa da Reconquista.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren **singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de grande arraigo na cidade, que contribúe ao coñecemento da historia da cidade conmemorativa do levantamento popular contar as tropas francesas en 1809.**

**A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade propietaria dos dereitos de uso da marca "Festa da Reconquista". Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.**

cci



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/06/2021 08:43	Páxina 1 de 2
72/142	CSV: AAABA2-AAA4E6-895F31-N3X81R-MLZG6Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Vigo, na data da sinatura dixital consignada á marxe

O xefe do Servizo de Comercio

José A. Hermida Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/06/2021 08:43	Páxina 2 de 2
72/142	CSV: AAABA2-AAA4E6-895F31-N3X81R-MLZG6Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		